



Plataforma Galega de información ambiental

INFORME ESTADÍSTICO 2023 DE INFORMACIÓN AMBIENTAL



XUNTA
DE GALICIA

INTRODUCCIÓN

A Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE, as cales supoñen, basicamente, a adecuación do dereito comunitario ao Convenio de [Aarhus](#), sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, feito en [Aarhus](#) /Dinamarca), o 25 de xuño de 1998 (Instrumento de Ratificación por España publicado no BOE núm. 40, do 16 de febreiro de 2005).

A disposición adicional oitava da Lei 27/2006 establece que as Administracións Públicas elaborarán e publicarán información periódica de carácter estatístico sobre as solicitudes de información ambiental recibidas.

No marco deste precepto legal, elabórase o Informe correspondente á anualidade de 2023.

Na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda hai unha unidade responsable da información ambiental, tal e como se recolle no artigo 5.3.a) da Lei 27/2006. Con todo, tamén chegan consultas a outros departamentos desta dirección xeral, cuxa temática é específica deles e que se incorporan a este informe.

Así mesmo, preséntanse os datos das Queixas de carácter ambiental.

I) ACCESO Á INFORMACIÓN PREVIA SOLICITUDE

Durante o ano 2023 tramitáronse un total de 2.548 solicitudes de información ambiental na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, o que supón un 7% máis das que se recibiron no ano 2022 e repartidas da seguinte maneira:

- 1.022 solicitudes na unidade de Información Ambiental (preto dun 9% máis que no ano 2022).

- 608 solicitudes na Subdirección xeral de Meteoroloxía e Cambio Climático (un 17% máis que no 2022).

- 685 solicitudes na Subdirección xeral de Residuos (unha lixeira diminución dun 0,5%).

- 233 solicitudes na Subdirección xeral de Avaliación Ambiental (lixeiro aumento do 1,7% de solicitudes referentes a solo).

Ademais, na Subdirección Xeral de Residuos a través da Plataforma GalA atendéronse 11.002 consultas relacionadas principalmente coa tramitación en materia de residuos así como coas incidencias da propia Plataforma.


A continuación pasamos a analizarlas segundo a temática, o medio de consulta e o perfil do solicitante.

I.1- Solicitudes por área temática

a) Unidade de información ambiental

Atendendo aos distintos temas obxecto de información ambiental, as solicitudes clasifícanse segundo as áreas que se indican na seguinte gráfica.

Porcentaxe de solicitudes segundo a área temática




Como en anos anteriores, a área de Calidade ambiental é a que sustenta a maioría das solicitudes (56,2 %), seguida pola de Información meteorolóxica (26,3%), como se mostra na gráfica e no cadro anexo ao final deste informe.

Da totalidade das solicitudes de Calidade ambiental, máis da metade foron sobre Residuos.

Na seguinte gráfica amósase o número de solicitudes segundo a subárea (as columnas do mesmo color correspóndense con subáreas que pertencen a unha mesma área):

Número de solicitudes segundo á subárea




b) Noutros departamentos, as áreas temáticas son as específicas das súas competencias.

I.2- Solicitudes de información ambiental segundo o medio de consulta

a) Unidade de Información Ambiental

O teléfono segue sendo o medio preferido de petición de información, representando o 57,7% do total das solicitudes, seguido polo portal GaIA con preto dun 23% e, xa en menor medida, as recibidas polas restantes canles.

Número e porcentaxe de solicitudes segundo a canle



b) En canto ás solicitudes que chegan a outros departamentos, a preferencia é o correo electrónico e o teléfono.

Canle	SubdX. Meteoroloxía e Cambio Climático			SubdX. Avaliación Ambiental
	Contaminación atmosférica	Cambio Climático	Ruido	Solos contaminados
Correo postal	-	-	-	-
Correo electrónico	521	7	2	33
Presencial	4	-	-	-
Sede electrónica	8	-	1	-
Teléfono	56	-	9	200
TOTAL	589	7	12	233


Na Subdirección Xeral de Residuos, a maioría das 685 solicitudes entraron por correo electrónico. Ademais, como se indicou anteriormente, neste departamento atendéronse 11.002 consultas, todas a través da caixa de correo da Plataforma GalA.

I.3- Solicitudes de información segundo o perfil do solicitante

a) Na unidade de Información Ambiental un 45% proceden de empresas, un 34,6% de particulares, preto dun 15% de administracións e, en menor proporción, de asociacións e de ensino (outros).

	Número solicitudes
Administración	150
Asociación /Fundación	33
Empresa	460
Outros	28
Particular	351
TOTAL	1022


Porcentaxe de solicitudes segundo o perfil do solicitante



b) No caso doutros departamentos, os solicitantes predominantes son empresas, con excepción das áreas de Cambio climático e Ruido nas que imperan as consultas das administracións e particulares, respectivamente.

Perfil solíc. Subárea	SubdX. Residuos		SubdX. Meteoroloxía e Cambio Climático						SubdX. Avaliación Ambiental	
	Residuos		Contaminación atmosférica		Cambio climático		Ruido		Solos contaminados	
	Núm. Solíc.	%	Núm. Solíc.	%	Núm. Solíc.	%	Núm. Solíc.	%	Núm. Solíc.	%
Administración	169	24,7 %	131	22,2 %	7	100 %	5	41,7 %	-	-
Asociación /Fundación	4	0,6 %	4	0,7 %	-	-	-	-	-	-
Empresa	489	71,4 %	443	75,2 %	-	-	-	-	233	100,0 %
Particular	23	3,4 %	6	1,0 %	-	-	7	58,3 %	-	-
Outros	-	-	5	0,8 %	-	-	-	-	-	-
TOTAL	685	100 %	589	100 %	7	100 %	12	100 %	233	100 %

Porcentaxe de solicitudes segundo o perfil do solicitante



1.4- Prazo de contestación segundo o artigo 10,2,c) da Ley 27/2006

a) Na unidade de Información Ambiental: o 91% das solicitudes foron contestadas dentro do prazo legal dun mes. As contestadas fora de prazo foron debidas á súa complexidade, principalmente.

Descrición	Número solicitudes	% solicitudes
Contestadas dentro de prazo	926	90,6 %
Contestadas fóra de prazo	86	8,4 %
Non contestadas	10	1,0 %
Total	1022	100,0 %

b) Noutros departamentos: contestáronse no prazo dun mes o 100% das solicitudes.

II) QUEIXAS

Na unidade de Información Ambiental atendéronse 45 queixas, o que supón un 15,4% mais que no ano 2022, e a gran maioría foron de particulares (91%).

Perfil solicitante	Número	%
Empresa	4	8,9 %
Particular	41	91,1 %
TOTAL	45	100 %

O principal medio de entrada das queixas foi o teléfono (60%) seguido da sede electrónica (17,8%)

Canle	Número	%
Correo postal	2	4,4 %
Correo electrónico	3	6,7 %
Portal GalA	5	11,1 %
Sede electrónica	8	17,8 %
Teléfono	27	60,0 %
TOTAL	45	100 %

Preto da metade das queixas estaban relacionadas coa Calidade ambiental (en concreto sobre residuos).

Área	Canle de entrada					Total queixas	% queixas
	Correo postal	Correo electrónico	Portal GalA	Sede electrónica	Teléfono		
Calidade ambiental	2	-	4	5	10	21	46,7%
Conservación da natureza	-	1	-	-	2	3	6,7%
Forestais	-	1	-	-	6	7	15,6%
Información meteorolóxica	-	-	1	3	1	5	11,1%
Outras	-	1	-	-	8	9	20,0%
TOTAL	2	3	5	8	27	45	100%

CADRO ESTADÍSTICO DE SOLICITUDES DA UNIDADE DE INFORMACIÓN AMBIENTAL- ANO 2023

Área	Subárea	Medio de consulta					Total
		Correo postal	Correo electrónico	Portal GalA	Sede electrónica	Teléfono	
Calidade ambiental	Autorización ambiental integrada – IPPC	0	0	4	53	7	64
	Contaminación atmosférica	0	5	4	2	9	20
	Contaminación solos	0	1	7	1	5	14
	Avaliación ambiental	0	1	7	18	19	45
	Intervención ambiental	0	1	1	0	1	3
	Residuos	1	18	35	6	329	389
	Sistemas de calidade ambiental	0	0	0	21	7	28
	Ruído	0	7	2	0	2	11
Formación e divulgación ambiental		0	0	0	1	4	5
Cambio Climático		0	0	6	0	7	13
Augas		0	0	9	1	6	16
Costas		0	2	1	0	3	6
Organismos modificados genéticamente		0	0	0	0	0	0
Conservación da natureza	Caza e Pesca	0	0	1	0	3	4
	Espazos protexidos	0	1	1	0	6	8
	Flora e Fauna	0	2	5	0	14	21
Enerxía		0	0	0	0	3	3
Forestais		0	0	5	0	12	17
Información meteorolóxica	Datos meteorolóxicos	0	1	65	0	69	135
	Informes meteorolóxicos (taxas)	4	3	61	45	19	132
	Datos de modelos numéricos	0	0	2	0	0	2
Información administrativa	Axudas e subvencións	0	0	1	0	6	7
	Información xeral	0	1	6	0	12	19
Outras		0	3	9	1	47	60
TOTAL		5	46	232	149	590	1022